



## PROBAS DE ACCESO A CICLOS FORMATIVOS DE GRAO SUPERIOR

*Orde do 2 de febreiro de 2016 publicada no DOG de 11 de febreiro*

### ▪ **REQUISITOS**

- Ter cumpridos 19 anos ou cumprilos no ano natural de realización da proba.
- Non cumprir os requisitos académicos de acceso aos ciclos.

### ▪ **ESTRUTURA E ORGANIZACIÓN DA PROBA**

- PARTE COMÚN
  - Lingua galega
  - Lingua castelá
  - Matemáticas
- PARTE ESPECÍFICA: Organizarase con base en tres opcións en función das familias profesionais e os ciclos a que posibilita o acceso (segundo se establece no Anexo VII). A persoa deberá elixir unha opción no momento de formalizar a solicitude de inscrición para a proba, escollendo dúas das tres materias das que desexa que se lle examine.
  - OPCIÓN A: Economía da empresa, Lingua estranxeira (inglés ou francés), e Filosofía e cidadanía.
  - OPCIÓN B: Debuxo técnico, Tecnoloxía industrial e Física.
  - OPCIÓN C: Ciencias da terra e ambientais, Química e Bioloxía.

- **SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:** **segundo o modelo do anexo II na secretaría de calquera centro docente público que imparta ciclos formativos entre os días 15 e 26 de febreiro de 2016, ambos os dous incluídos.** A relación de persoas admitidas e excluídas farase pública o 14 de marzo. A relación de centros onde se vaian realizar as probas farase pública con anterioridade ao 4 de abril.

- **REALIZACIÓN DAS PROBAS DE ACCESO:** **o día 20 de abril de 2016 ás 9:00.**

A relación provisoria de cualificacións farase pública o día 9 de maio.